



Organiza: *Concello de Laxe*
*Concellaría de comercio, hostalaría,
turismo e cultura*

Colabora:  **Deputación
DA CORUÑA**



I XORNADAS DE TURISMO ARQUITECTÓNICO, PATRIMONIAL E CULTURAL

6 concertos musicais no patrimonio relixioso municipal

Concello de Laxe - Novembro do 2022



2º. - 13/11/2022 -

En concerto: " ENSAMBLE IULIUS XIII "

Igrexa de San Mamede de Sarces

INFORMACIÓN ARQUITECTÓNICA E HISTÓRICA

A igrexa de San Mamede de Sarces estivo **exposta a ataques piratas, de normandos, árabes medievais e corsarios** ingleses e franceses, contribuíndo así a incremental a súa pobreza ornamental, que xa nunca fora moi rica.

Aínda así "San Mamede", **avogado dos enfermos de cólera e outras pestilencias**, foi moi visitado en séculos pasados por devotos e afectados por estas doenzas e mesmo recibiu esmolos de ricos propietarios.

A **base arquitectónica románica** deste templo data de finais do **século XII ou primeiros do S. XIII**, pero daquela obra queda moi pouco, xa que a **ábsida** foi **reconstruída** nos últimos anos do **S. XVII e a nave no S. XVIII**.

O templo presenta unha **planta de salón** formada por unha **capela maior ou presbiterio**. Arrimada ó muro norte da capela maior, e comunicada directamente con ela mediante unha porta, ten unha **sancristía**. A capela maior está cuberta por unha **bóveda galonada octogonal**, rematada na parte central nunha pequena **lanterna con cristais de cores** que ilumina o interior.

No muro sur da nave abríronse dous nichos ocupados polos retablos da Virxe do Carme e da Virxe de Luján. Arrimada ó muro oeste da nave atópase a **tribuna**, de **recente construción**. No exterior da igrexa hai un atrio de reducidas dimensións, a abandonada casa reitoral e o cemiterio.



Para máis información, accede á nosa web:
<https://turismolaxe.gal/arquitectura-2/arquitectura-relixiosa/>

PROGRAMA

17.00 h.- CHARLA ARQUITECTÓNICA a cargo do mestre de xeografía e historia **Luis Giadás**.



Fonte: En "La Voz de Galicia"
(16 de novembro do 2013)

17.30 h.- CONCERTO MUSICAL: " ENSAMBLE IULIUS XIII "

A través dun conto-concerto familiar, o Ensemble IULIUS XIII sumerxíranos nun fabuloso mundo de fantasía. Unha divertida historia e a máis fermosa música clásica uníranse para transportarnos a outras épocas, a outros lugares, a outras culturas e a outros mundos. E, ó rematar, percatáremonos de que esa chamada «música clásica» é moito máis «popular» do que pensamos e que nos acompaña case a diario sen caer na conta delo.



O Ensemble IULIUS XIII xorde da fusión de outros grupos precedentes, converténdose no ano 2008 na formación residente de música de cámara do proxecto IULIUS XIII. Aínda que son un "ensamble", agrupación de cámara aberta con variacións posibles na cantidade de membros, a súa composición no concerto de hoxe é a seguinte:

Carmen Ferreiro Soto, á frauta.

Alfredo Gómez Sieiro, ó clarinete e narrador.

Ludmila Shevyakova, ó piano.